

**INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS
EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES
EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS**

Curso académico 2016/2017

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS.....	4
2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE.....	5
3. ALUMNADO EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS.....	11
4. ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA	13
5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 6 CURSOS ACADÉMICOS	14
ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE	18

1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS

A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do alumnado como, dun xeito máis institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna próxima. As prácticas achegan ao alumnado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socio-económicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporcionanlle competencias, habilidades e coñecementos indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional. Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

O presente traballo pretende sistematizar a información recollida a partir da xestión das prácticas académicas extracurriculares que xestiona a Fundación Universidade de Vigo, co obxectivo de obter información cuantitativa e cualitativa relevante para a Universidade de Vigo.


OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">▪ Identificar os ámbitos de formación que acadan un maior nivel de prácticas▪ Dispoñer de datos comparativos desde unha perspectiva temporal▪ Apoiar o valor estratéxico da UVigo como motor de desenvolvemento social e económico▪ Apoiar posibles actuacións que favorezan a empregabilidade dos titulados universitarios
INDICADORES	<ul style="list-style-type: none">▪ Nº de prácticas realizadas▪ Nº de prácticas realizadas por ámbito de coñecemento do alumnado▪ Número de empresas/entidades colaboradoras▪ Ámbitos económicos/sociais das empresas/entidades nas que se realizan as prácticas▪ Tipo de empresas e entidades▪ Relación entre sectores económicos e ámbito de coñecemento do alumnado na realización de prácticas▪ Ratio: nº estudantes / empresa▪ Nº de prácticas por sectores e sexo <p>PERÍODO ANALIZADO: CURSO ACADÉMICO 2016/2017</p>

2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE

○ NÚMERO DE ALUMNOS/AS E EMPRESAS

CURSO 2016-2017	
TOTAL ALUMNOS/AS	1190
TOTAL EMPRESAS	681

RATIO ESTUDANTES/EMPRESA: 1,71



○ Nº DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As prácticas realizáronse no curso académico 2016/2017 en 681 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	EMPRESAS	%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	191	28,05
Industria manufacturera	100	14,69
Comercio o por maior e o por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	71	10,43
Información e comunicacións	51	7,49
Educación	22	3,23
Construción	34	4,99
Actividades administrativas e servizos auxiliares	38	5,58
Actividades sanitarias e de servizos sociais	23	3,38
Hostalaría	21	3,08
Actividades financeiras e de seguros	24	3,52
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	38	5,58
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	16	2,35
Outros servizos	18	2,64
Transporte e almacenamento	12	1,76
Industrias extractivas	5	0,73
Actividades inmobiliarias	5	0,73
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4	0,59
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4	0,59
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	4	0,59
TOTAL	681	100

O 53,17% das empresas nas que se realizan prácticas extracurriculares pertencen a 3 sectores de actividade, actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira e Comercio o por maior e o por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas. O sector de Actividades profesionais, científicas e técnicas abarca unha ampla variedade de actividades empresariais recollidas no apartados do CNAE, entre outros: actividades xurídicas e de contabilidade, actividades de consultaría de xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e comunicación, servizos técnicos de arquitectura ou enxeñaría, ensaios e análises clínicos, investigación e desenvolvemento, tradución e interpretación e actividades veterinarias. O sector de Industria manufactureira inclúe diversas actividades de fabricación coma alimentación, téxtil, mobles, vehículos, equipos informáticos e metalurxia, entre outras.

○ **NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR ÁMBITO DE ESTUDO E POR SECTOR DE ACTIVIDADE**

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social, Tecnolóxico, Científico, Ciencias da saúde e Arte e Humanidades.

Durante o curso académico 2016/2017, 1190 estudantes realizaron prácticas académicas extracurriculares, distribuíndose en función ao seu ámbito de estudo do seguinte xeito:

ÁMBITO DE ESTUDOS	Nº ESTUDANTES	HOMES	MULLERES
Xurídico-Social	550	199	351
Tecnolóxico	367	262	105
Científico	177	77	100
Ciencias da saúde	37	12	25
Arte e Humanidades	59	16	43
TOTAL	1190	566	624

ÁMBITO DE ESTUDOS XURÍDICO-SOCIAL:

Trátase do ámbito de coñecemento que contou con máis alumnos/as en prácticas durante o curso 2016/2017, realizando prácticas en 4 sectores principalmente, entre os que destacan os sectores de *Actividades profesionais, científicas e técnicas* seguido polo sector de *Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas*.

XURÍDICO-SOCIAL	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	132	177
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	42	59
Información e comunicacións	26	52
Actividades administrativas e servizos auxiliares	28	48
Actividades financeiras e de seguros	23	46
Industria manufactureira	35	37
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	17	22
Hostalería	18	18
Educación	10	16
Outros servizos	11	15
Transporte e almacenamento	10	15
Construción	12	14
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	11	14
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8	11
Actividades inmobiliarias	4	5
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1	1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	1
TOTAL	389	551

ÁMBITO DE ESTUDOS TECNOLÓXICO:

Tras o xurídico-social, o ámbito tecnolóxico é o que tivo máis alumnos/as en prácticas durante o curso 2016-2017, 367 estudantes, que realizaron prácticas en tres sectores de actividade principalmente: Actividades profesionais, científicas e técnicas, Información e comunicacións e Industria manufactureira.

TECNOLÓXICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	46	116
Información e comunicacións	30	80
Industria manufactureira	60	70
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	23	32
Construción	21	27
Actividades administrativas e servizos auxiliares	5	5
Transporte e almacenamento	2	2
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	3	3
Outros servizos	5	9
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4	9
Educación	2	2
Industrias extractivas	3	6
Actividades financeiras e de seguros	2	2
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	2
Hostalería	1	1
Actividades inmobiliarias	1	1
TOTAL	210	367

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENTÍFICO:

As prácticas realízanse principalmente nos sectores de Actividades profesionais, científicas e técnicas e Administración pública e defensa, Seguridade Social obrigatoria.

CIENTÍFICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19	47
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	14	33
Educación	6	23
Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	18
Outros servizos	5	17
Industria manufactureira	13	16
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	4	5
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	5	5
Construción	2	4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	3	3
Industrias extractivas	3	3
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	1
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	1
Transporte e almacenamento	1	1
TOTAL	82	177

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS DA SAÚDE:

Neste ámbito o alumnado realiza prácticas curriculares e incluídas polo tanto no plan de estudos, polo que é reducido o número de prácticas extracurriculares realizadas.

Os sectores de actividades que ofrecen maior número de prácticas extracurriculares son principalmente na Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria e en entidades públicas, cuxo CNAE é actividades sanitarias e servizos sociais.

CIENCIAS DA SAÚDE	EMPRESAS	ESTUDANTES
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	3	13
Actividades sanitarias e de servizos sociais	12	13
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1	5
Outros servizos	2	3
Hostalería	1	1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	1
TOTAL	21	36

ÁMBITO DE ESTUDOS ARTE E HUMANIDADES:

O sector de Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria ofrece o maior número de estudantes en prácticas neste ámbito.

ARTES E HUMANIDADES	EMPRESAS	ESTUDANTES
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	9	17
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	10
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	7	9
Educación	5	8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	5	6
Información e comunicacións	2	5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	2
Industrias extractivas	1	1
Hostalería	1	1
TOTAL	36	59

○ **Nº EMPRESAS CLASIFICADAS POR CNAE E ÁMBITO DE ESTUDO DOS ALUMNOS/AS QUE REALIZARON PRÁCTICAS**

2016/2017	ARTES E HUMANIDADES	CIENCIAS DA SAÚDE	CIENTÍFICO	TECNOLÓXICO	XURÍDICO-SOCIAL
Industria manufactureira	0	0	13	60	35
Actividades profesionais, científicas e técnicas	5	0	19	46	132
Información e comunicacións	2	0	0	30	26
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	7	1	5	23	42
Construción	0	0	2	22	12
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	1	3	5	28
Transporte e almacenamento	0	0	1	2	10
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	9	3	14	3	17
Outros servizos	0	2	5	5	11
Actividades sanitarias e de servizos sociais	0	12	5	0	8
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0	0	0	4	1
Educación	5	0	6	2	10
Industrias extractivas	1	0	3	3	0
Actividades financeiras e de seguros	0	0	0	2	23
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0	0	1	2	1
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	0	1	0	11
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	0	4	0	0
Hostalería	1	1	0	1	18
Actividades inmobiliarias	0	0	0	1	4
TOTAL	36	20	82	211	389

Tendo en conta o CNAE das empresas clasificadas polo ámbito de estudos podemos observar que os estudos mais demandados son os do ámbito xurídico social, como son o Grao en administración e dirección de empresas ou o grado en Economía. Este tipo de estudos son mais demandados en departamentos administrativos de empresas cuxo CNAE é Actividades profesionais, científicas e técnicas e Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas.

3. ALUMNADO EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS

○ ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDOS

ALUMNOS EN PRÁCTICAS	Curso 2015-2016		Curso 2016-2017	
	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	31,45	68,55	36,18	63,82
Tecnolóxico	67,03	32,97	71,39	28,61
Científico	30,65	69,35	43,5	56,5
Ciencias da saúde	39,47	60,53 (*)	32,43	67,57 (*)
Arte e Humanidades	42	58,00 (*)	27,12	72,88 (*)

Con respecto ao sexo do alumnado que realiza prácticas observamos que existe unha diferenza importante entre a % de homes e mulleres en todos os ámbitos, sendo maior o número de mulleres agás no ámbito tecnolóxico.

(*) O número de prácticas extracurriculares nestes ámbitos non é representativo, polo que a comparativa non procede sen ter en conta as prácticas curriculares.


Nos restantes sectores obsérvase un crecemento da % de homes en prácticas en todos os sectores. Se ben, só se dispón dos datos desagregados de dous cursos académicos, polo que é cedo para concluír que existe esta tendencia.

○ NÚMERO DE ALUMNOS/AS MATRICULADOS CLASIFICADOS POR ÁMBITO DE ESTUDOS

MATRÍCULA	Curso 2015-2016		Curso 2016-2017	
	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	39,11	60,89	39,52	60,48
Tecnolóxico	76,68	23,32	76,85	23,15
Científico	42,03	57,97	44,42	55,58
Ciencias da saúde	23,97	76,03	22,52	77,48
Arte e Humanidades	28,66	71,34	26,10	73,90

Da comparación dos cadros anteriores pódese concluír que a porcentaxe de mulleres que fan prácticas nos distintos ámbitos de estudos é superior á porcentaxe que representan as mulleres sobre o conxunto de matriculados/as, agás no ámbito tecnolóxico.


○ **ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS POR SEXO E CNAE DAS EMPRESAS**



4. ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA

ESTUDANTES POR TIPO DE EMPRESA	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016	Curso 2016-2017
Tipo de empresa				
Administración Pública	89	99	119	142
Pequena (menos de 50 traballadores)	540	529	594	527
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	145	145	159	165
Grande (máis de 500 traballadores)	66	88	67	70
Multinacional	97	62	99	74
Autónomo	126	87	96	73
empresa familiar	22	17	28	24
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	60	96	107	115
Total	1145	1123	1269	1190


DISTRIBUCIÓN NO CURSO ACADÉMICO 2016/2017:



Observando os gráficos anteriores vemos que a nivel nacional as empresas que máis demandan estudantes en prácticas son as pequenas empresas seguido das empresas medianas. O feito de ter alumnos en prácticas serve de proceso óptimo de selección de futuros traballadores e traballadoras, é un xeito de incorporar novas ideas e coñecementos técnicos e ademais os estudantes posúen unha gran capacidade de aprendizaxe e adaptación que poden aproveitar para as súas necesidades.

5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 6 CURSOS ACADÉMICOS

○ TOTAL ALUMNOS/AS E EMPRESAS




Obsérvase un lixeiro descenso no número de empresas. Neste sentido compre sinalar que neste exercicio o programa de becas Santander-CRUE-CEPYME, reduciuse de xeito notable o número de prácticas realizadas ao seu abeiro.

○ **RATIO ESTUDANTE/A POR ÁMBITO E EMPRESA**

Ámbito	2011/2012			2012/2013			2013/2014			2014/2015			2015/2016			2016/2017		
	Alumnos	Empresas	Ratio	Alumnos	Empresas	Ratio	Alumnos	Empresas	Ratio	Alumnos	Empresas	Ratio	Alumnos	Empresas	Ratio	Alumnos	Empresas	Ratio
Xurídico-social	403	247	1,63	480	301	1,59	545	359	1,52	547	407	1,34	617	400	1,54	551	389	1,47
Tecnolóxico	345	264	1,31	348	238	1,46	396	230	1,72	364	244	1,49	399	229	1,74	367	211	1,74
Científico	113	69	1,64	144	75	1,92	116	55	2,11	124	60	2,06	145	71	2,04	177	82	2,16
Arte e humanidades	25	20	1,25	80	37	2,16	40	35	1,14	50	37	1,35	55	27	2,03	59	36	1,64
Ciencias da saúde	3	2	1,50	14	6	2,33	48	24	2,00	38	23	1,65	53	30	1,76	36	20	1,80
Total	889	602	1,47	1066	657	1,89	1145	703	1,70	1123	771	1,58	1269	757	1,82	1190	738	1,75


Nota: Os estudantes realizaron prácticas académicas externas extracurriculares nun total de 681 empresas. varias empresas acolleron alumnos/as de distintos ámbitos, o que explica a diferenza co total de empresas por ámbito que figura nesta táboa.

○ **ÁMBITO DE ESTUDOS DOS ALUMNOS/AS QUE REALIZARON PRÁCTICAS POR CURSO ACADÉMICO**




Obsérvase unha tendencia de crecemento no ámbito científico, e igualmente no ámbito xurídico social ata o último curso académico.

○ **EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO**



As empresas dedicadas as actividades profesionais, científicas e técnicas foron as que mais demandaron alumnos/as en prácticas, seguido da industria manufactureira e o comercio ao por maior e ao por menor, reparación de vehículos motor. O mesmo acontece no seguinte gráfico que amosa que a maioría de estudantes que realizaron prácticas foi en empresas cuxo CNAE é actividades profesionais, científicas e técnicas.

○ **EVOLUCIÓN DO Nº DE ESTUDANTES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO**



ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Agricultura gandería, silvicultura e pesca	A	1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas
		2	Silvicultura e explotación forestal
		3	Pesca e acuicultura
Industrias extractivas	B	5	Extracción de antracita, hulla e lignito
		6	Extracción de cru de petróleo e gas natural
		7	Extracción de minerais metálicos
		8	Outras industrias extractivas
		9	Actividades de apoio ás industrias extractivas
Industria manufactureira	C	10	Industria da alimentación
		11	Fabricación de bebidas
		12	Industria do tabaco
		13	Industria téxtil
		14	Confección de prendas de vestir
		15	Industria do coiro e do calzado
		16	Industria da madeira e do cortiza, excepto mobles; cestería e espartería
		17	Industria do papel
		18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
		19	Coquerías e refino de petróleo
		20	Industria química
		21	Fabricación de produtos farmacéuticos
		22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
		23	Fabricación de outros produtos minerais no metálicos
		24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións
		25	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo
		26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
		27	Fabricación de material e equipo eléctrico
		28	Fabricación de maquinaria e equipo
		29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
30	Fabricación de outro material de transporte		
31	Fabricación de mobles		
32	Outras industrias manufactureiras		
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo		
Forneco enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	D	35	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	E	36	Captación, depuración e distribución de auga
		37	Recollida e tratamento de augas residuais
		38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización
		39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos
Construción	F	41	Construción de edificios
		42	Enxeñaría civil
		43	Actividades de construción especializada
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	G	45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
		46	Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas
		47	Comercio ao por menor, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Transporte e almacenamento	H	49	Transporte terrestre e por tubeira
		50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
		51	Transporte aéreo
		52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
		53	Actividades postais e de correos
Hostalería	I	55	Servizos de aloxamento
		56	Servizos de comidas e bebidas
Información e comunicacións	J	58	Edición
		59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
		60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
		61	Telecomunicacións
		62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas con a informática
		63	Servizos de información
Actividades financeiras e de seguros	K	64	Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións
		65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seg Social obrigatoria
		66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
Actividades inmobiliarias	L	68	Actividades inmobiliarias
Actividades profesionais, científicas e técnicas	M	69	Actividades xurídicas e de contabilidade
		70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial
		71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicos
		72	Investigación e desenvolvemento
		73	Publicidade e estudos de mercado
		74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
		75	Actividades veterinarias

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Actividades administrativas e servizos auxiliares	N	77	Actividades de aluguer
		78	Actividades relacionadas co emprego
		79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos
		80	Actividades de seguridade e investigación
		81	Servizos a edificios e actividades de xardinería
		82	Actividades administrativas de oficina y outras actividades auxiliares ás empresas
Administración Pública, defensa Seg Social obrigatoria	O	84	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
Educación	P	85	Educación
Actividades sanitarias e de servizos sociais	Q	86	Actividades sanitarias
		87	Asistencia en establecementos residenciais
		88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	R	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
		91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
		92	Actividades de xogos de azar e apostas
		93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
Outros servizos	S	94	Actividades asociativas
		95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
		96	Outros servizos persoais
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	T	97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
		98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	U	99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais